

Lingua galega e literatura 1º BAC. Recuperación de xuño 24: propostas e exemplos.

1. Responder tres cuestións tipo test de Lingua e sociedade: historia da lingua.

O primeiro texto en romance que se conserva en territorio galego é... 1 p.

- ☐ Pacto dos irmáns Pais
- ☐ Foro do bo burgo de Castro Caldelas
- ☐ Noticia de fiadores
- ☐ Noticia de Torto

2. Explicar conceptos (a) ou situacións (b) de Lingua e sociedade: a situación das linguas.

(a) Define e exemplifica *Lingua minorizada maioritaria* e *Plurilingüismo estatal con oficialidade plena territorial*.

(b) O éuscaro: zonas nas que é territorial, no de falantes, status legal, vitalidade.

- Cita territorios no Estado (País Vasco, Navarra, Condado de Treviño) e Iparralde.
- Especifica o recoñecemento legal neses territorios.
- Cifra o número de falantes e competencia xeral destes.
- Explica o nivel de uso como lingua habitual e a evolución nas últimas décadas.
- Concreta a presenza social e o modelo educativo (escolta maioritaria da inmersión).

3. Responder tres preguntas breves de Literatura medieval e ata Prerrexurdimento.

Pergamiños da literatura galega medieval que se conservan con notación musical.

4. Desenvolver un contido da Literatura do Rexurdimento.

Aires da miña terra: autoría, data, estrutura, liña social ou cívica, liña intimista.

5. Comentar (respondendo preguntas) unha cantiga de amigo, de amor ou de escarnio.

O diagrama presenta unha cantiga de amigo dividida en dúas columnas de versos. A columna esquerda contén os versos orixinais en galego, e a columna dereita contén as súas versións en portugués. Entre as dúas columnas, unha terceira columna de texto explica as estruturas literarias. A palabra 'Paralelismo' aparece verticalmente no lado dereito, e 'Leixaprén' aparece verticalmente no lado esquerdo. As setas vermellas indican a correspondencia entre os versos das dúas columnas.

Galego	Portugués	Nota
Non chegou, madre, o meu amigo,	hoje remata o prazo!	Paralelismo
e hoj'ést'o prazo saído!	Ai, madre, morro de amor!	
ai, madre, moiro d'amor!		
Non chegou, madre, o meu amado		(E así nos demais pares de cobras)
e hoj'ést'o prazo passado!		
ai, madre, moiro d'amor!		
E hoj'ést'o prazo saído!		
Por que mentiu o desmentido?	Por que mentiu o moi falso?	
ai, madre, moiro d'amor!		
E hoj'ést'o prazo passado!		
Por que mentiu o perjurado?	Por que mentiu o que xura en falso?	
ai, madre, moiro d'amor!		
Por que mentiu o desmentido		
pesa-mi, pois per si é falido.	pésame, pois errou querendo	
ai, madre, moiro d'amor!		
Por que mentiu o perjurado		
pesa-mi, pois mentiu a seu grado.	pésame, pois mentiu por propia vontade	
ai, madre, moiro d'amor.		

5.1. Concreta a temática da cantiga.

- Enuncia o tema típico (lamento / enfado da rapaza pola ausencia do seu amigo) ou o tema concreto (o profundo malestar dunha moza ante o incumprimento do namorado). Nótese que a súa frustración e desesperación vai en aumento.
- Posíbel ampliación: a rapaza cóntalle á nai que xa pasou o prazo fixado para atoparse co seu amigo e acúsao de mentirlle; pon en dúbida a súa honestidade e di que mentiu por vontade propia e cometeu un gran erro.

5.2. Indica sobre o poema como se presenta o paralelismo literal e mais o leixaprén.

- Marca o paralelismo literal: os versos coa mesma posición (1º, 2º) en cada par de estrofas son iguais con variación final. Ou sexa, repiten unha parte importante mais modifican o remate cun sinónimo, coa alteración da orde ou cunha expresión equivalente.
- Marca o leixaprén: o 2º verso da primeira estrofa é o primeiro da terceira (repítese tal cal), o 2º verso da segunda estrofa é o primeiro da cuarta, e así sucesivamente. É un xogo rítmico de “deixa un e colle o seguinte” (leixa - prén).

6. Comentar (respondendo preguntas) un poema dos Precusores, de Rosalía ou de Curros.

Este vaise i aquel vaise,
e todos, todos se van,
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.
Tes, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non téñen pais.
E tes corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viúdas de vivos e mortos
que ninguén consolará.

6.1. Enuncia o tema do poema.

- Redacta de xeito breve e certo, como: a desolación de Galicia pola saída migratoria. Repara en que o foco se pon na xente que queda.

6.2. Que recursos de repetición e semánticos remarcas nas dimensións da traxedia migratoria? Sinala no texto cando menos dous.

- Indica varios, como: epanalepse ou xeminación (“todos, todos”), enumeración con anáfora e polisíndeto (2a estrofa), hipérbato (v. 3), hipérbole (tamén no v. 3), metáfora (“campos de soledad”), paradoxo (“viúdas de vivos”).

6.3. A que “libro” de Follas novas pertencerá este texto e por que?

- Cita *As viúdas dos vivos e as viúdas dos mortos*, libro de lírica solidaria no que se enfocan as causas e consecuencias da emigración.

7. Ler un texto e contestar cuestións sobre trazos e/ou propiedades textuais.

Desde a antigüidade a humanidade buscou unha explicación á orixe dos seres vivos e á súa enorme diversidade. As primeiras interpretacións foron ideas fixistas que non admitían a evolución dos organismos e entre elas destacaron o creacionismo e a xeración espontánea.

A idea da xeración espontánea xorde na antiga Grecia logo de que filósofos como Aristoteles diferenciásemos a creación dos organismos superiores da dos organismos inferiores. Esta distinción, que perdurou ata a Idade Media, permitiu que durante moitos séculos se crese que os seres vivos inferiores nacían espontaneamente da materia orgánica en descomposición. Unha orixe que se sustentou nas observacións cotiás de vermes que aparecían na lama, de insectos da carne, de mofo nas verduras ou de moscas do esterco e do lixo.

A refutación destas ideas creacionistas non chegaría ata o século XVII cando o médico italiano Francesco Redi demostrou experimentalmente que as larvas das moscas que se forman na carne en descomposición non aparecen espontaneamente, senon que proceden dos ovos deixados por outras moscas. A pesar da súa demostración, a idea da xeración espontánea estaba tan arraigada na sociedade que moitos científicos se resistiron a abandonala por completo.

Un século despois, o naturalista italiano Lazzaro Spallanzani continuou cos estudos de Redi para demostrar que non existe a xeración espontánea da vida. Diseñou para iso unha serie de experimentos quentando caldo de carne e pechándoo en diversos recipientes e probou que os caldos non xeraban microorganismos mentres os recipientes estivesen pechados.

Finalmente, no XIX os experimentos de Louis Pasteur permitiron rexeitar definitivamente esta falsa idea. Nos seus experimentos preparou unha serie de caldos que, tras fervelos, colocou en matraces aos que lles estirara o colo. Desta forma o aire chegaba ata o caldo pero as partículas que levaba o aire quedaban retidas na curvatura do colo. Nestas condicións os caldos non se estragaban e ao analizar as partículas retidas observou diversos microorganismos. En cambio, ao eliminar o colo dos matraces, deixando o caldo en contacto directo co aire, o líquido perdíase e atopaba nel os mesmos microorganismos. Demostrou así que estes se achaban no aire e eran os causantes da descomposición dos alimentos e de moitas enfermidades.

1. No texto anterior obsérvanse dous esquemas ou patrones expositivos, mais un deles é dominante. Di cales son eses dous patrones, cal é o principal e que marcas o configuran e permiten seguilo.

2. Cal é a progresión temática do 2º parágrafo dese texto inicial? E cal é a progresión temática do 4º parágrafo? Razoa a resposta en cada caso con referencias ao texto.